

# LINGUA GALEGA

## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola nenos e nenas,

Xa levamos un mes sen vernos e cada día faise máis duro estar lonxe de vós. Espero que estades todos moi ben e que estades aproveitando estes días para facer moitas cousas en familia. Oxalá podamos volver a estar xuntos moi pronto!!

Mentres tanto, continuamos traballando e aprendendo a distancia. Non imos deixar que este maldito virus nos pare. Xuntos podemos con todo!!

Para esta nova semana de traballo, propóñovos as seguintes actividades.

### ACTIVIDADE 1

1. Ver en YouTube o novo anuncio do supermercado "Gadis" que fai referencia a situación que vivimos na actualidade debido á loita contra o Coronavirus.  
Podedes atopar o vídeo pinchando no seguinte enlace:  
<https://www.youtube.com/watch?v=S21Z1aGivgc>  
Tamén podedes escribir no buscador de YouTube: "Cando pase todo isto. Gadis. En confianza".
2. Despois de ver o vídeo, tedes que escribir unha lista de dez cousas que faredes cando remate a corentena. Dez cousas que teñades moitísimas ganas de facer cando todo isto pase (por exemplo: bicar aos meus avós, saír a andar en bici con papá e mamá, correr descalzo pola praia cos meus irmáns, abrazar aos meus amigos, etc.). Recordade facer a lista en galego.
3. Podedes facer esta lista nunha folla e decorala como máis vos guste. Despois podedes colgala no voso cuarto para poder ler todos os días a cantidade de cousas maravillosas que faredes cando todo isto pase.
4. Unha vez que remate a corentena podedes ir tachando todas as cousas a medida que as fagades. Tamén podemos ler as listas en clase e comentar todos xuntos cal das dez cousas que escribimos foi a nosa favorita, é dicir, cal desfrutamos máis cando a fixemos.

## ACTIVIDADE 2

Aprender a canción "Xuntos" do cantante Juan Pardo. Esta canción ten unha mensaxe fermosa para estes tempos de corentena. Podedes aprendela e cantala en familia.

Pinchade no seguinte enlace de YouTube para escoitar a canción:  
<https://www.youtube.com/watch?v=MQqOnuBhxKo&t=19s>

Tamén podedes escribir no buscador de YouTube: "Xuntos conseguirémolo".

A continuación tedes a letra da canción para poder lela ao mesmo tempo que a cantades, así será máis sinxelo aprendela. É moi faciliña!!

### XUNTOS

Xuntos pra gañala vida, día a día  
Hoxe e mañán tamén

Xuntos e que sintan todos que si van xuntiños  
Temos máis camiños pra facelos ben

Xuntos non habrá quen poda miña nai querida  
Xa o sabemos ben

Xuntos, mais fortes, mais craros, xuntos vai ben  
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Xuntos mais fortes, mais craros, xuntos vai ben  
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Dalle ahí!!

Xuntos coma ruiseñores cando fan o niño pra se defender  
Xuntos e que fagan todos o cantar xuntiños  
Fainos falta un mixto pra lume acender

Xuntos non habrá quen poda miña nai querida  
Xa o sabemos ben

Xuntos, mais fortes, mais craros, xuntos vai ben  
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Xuntos mais fortes, mais craros, xuntos vai ben  
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Que ben!!

Xuntos, mais fortes, mais craros, xuntos vai ben  
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Xuntos mais fortes, mais craros, xuntos vai ben  
Xuntos nos trunfos e xuntos nos fallos tamén

Xuntoooooossss

Xuntos, nos fallos tamén!!!

Como di a mensaxe desta canción: XUNTOS somos máis fortes, XUNTOS podemos con todo e XUNTOS todo vai saír ben. Moito ánimo meus nenos e miñas nenas!!

Cando volvamos ao cole podemos cantala todos na clase collidos das mans para celebrar que gañamos esta dura batalla. Cada día que pasa estamos un pouquiño máis preto de logralo!!

Moita forza para vós e para as vosas familias!!

ESTE VIRUS PARÁMOLO UNIDOS!!!

Que ganas teño de vervos e abrazarvos forte... Un bico moi grande!!

Antía